

A POESÍA DE VANGARDA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS

Nas primeiras décadas do século XX, en Europa, un movemento de renovación estética revolucionou todos os aspectos da arte; é o que se denominou xenericamente **vanguardas**. Estas contan con diferentes correntes estéticas que se denominan **ismos**. Algúns dos postulados que defendían as vangardas son:

- a reivindicación da materia artística como algo autónomo
- o espírito rebelde e provocador fronte á tradición estética e as normas
- a defensa da liberdade e modernidade creadora e da orixinalidade

Algúns destes ismos (futurismo, cubismo, dadaísmo, surrealismo, creacionismo...) producirán unha especial influencia na literatura galega, tanto en aspectos temáticos como nos formais:

En Galicia, unha nova xeración de poetas, nados arredor de 1900 e coñecidos como **xeración de 1925, xeración de vangarda ou do 22**, vanse aproximar ás vangardas europeas, fomentando o enxebrismo da nosa arte e da nosa literatura. Polo tanto, os ismos galegos son unha mestura de tradición e modernidade. Dentro deles podemos falar de dúas tendencias;

.A dos ismos que seguen liñas poéticas xa existentes en Galicia: **hilozoísmo** e **neotrobadorismo**

•A tendencia que rompe coa tradición anterior: **creacionismo** e **surrealismo**

O **hilozoísmo**, tamén denominado **imaxinismo**, xorde da tradición literaria paisaxística cultivada por Rosalía, Noriega e Cabanillas, entre outros, combinada con recursos vangardistas. Caracterízase polo personificación da natureza; a sucesión de imaxes plásticas, os elementos visuais e auditivos; o predominio da cor viva e rechamante e a métrica sinxela. O principal representante é **Luís Amado Carballo** coa obra titulada *Proel* (1927)

O **neotrobadorismo** xorde polo descubrimento da poesía medieval galego-portuguesa, máis en concreto pola súa difusión a partir de 1928. Baséase na tradición, imitando a cantiga de amigo e de amor. Caracterízase pola perfección formal, polo uso de procedementos estilísticos das cantigas galego-portuguesas -paralelismo, refrán, ás veces lexaprén-, pero cunha linguaxe poética e unhas imaxes propias do século XX. Os autores máis representativos son: **Fermín Bouza Brey** coa obra *Nao senlleira* (1933) e **Álvaro Cunqueiro**, coa obra *Cantiga nova que se chama riveira* (1933).

O **creacionismo** supón un fito illado na nosa literatura, ademais de ser o único movemento plenamente vangardista, orixinal e universalista. Prescinde da imitación realista, pois o poeta pretende crear unha realidade autónoma. Caracterízase pola superposición de imaxes e a exclusión da musicalidade e da rima. Este movemento en Galicia foi exclusivo de **Manuel Antonio** do que destaca a súa única obra publicada en vida, obra fundamental e un dos cumes da poesía galega de todos os tempos: *De catro a catro* (1928).

Esta obra supón o inicio da vangarda plena polo seu carácter innovador, audaz e rupturista, tanto no plano da forma coma no do contido: innovadora disposición tipográfica, ausencia de ritmo e rima, inexistencia de lóxica gramatical, metáforas inusuais, falta de espazo e de tempo. Todos estes elementos conformarán unha visión do mar insólita no panorama literario galego.

A poesía de Manuel Antonio supón unha decisiva ruptura coa tradición lírica galega e presenta unha tripla orixinalidade: lingüística -tecnicismos, estranxeirismos e cultismos-, temática -o mar visto desde o propio mar-, e formal -tratamento rupturista-.

O **surrealismo** nas nosas letras vén da man de **Álvaro Cunqueiro** coa súa obra *Poemas do si e do non* (1933), aínda que dun xeito inxenuo e sentimental. Tamén **Manuel Luís Acuña** coa súa obra *Fírgoas* (1933) presenta algúns dos poemas máis singulares desta época, apoiándose na economía verbal e a eliminación do elemento narrativo.

Luís Pimentel do que destaca a súa obra póstuma *Sombra do aire na herba* (1959), móstranos un universo poético constituído por seres e obxectos que convidan á intimidade e ao recolleto -nenos, hospitais, prazas baleiras, xardíns,...-. A súa poesía está chea de musicalidade, pero tendendo ás veces ao **surrealismo**.